

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA DIXITAL

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as doce horas e cinco minutos do día dezanove de xuño do ano dous mil vinte e seis, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Don Ricardo Martínez Chantada
Don Roberto José Álvarez Carrero
Don Javier Tourís Romero, en substitución de Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Don Juan Pablo Castillo Amigo
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Javier Iglesias Mougán
Don Gorka Gómez Díaz
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Dona Beatriz Lomba Rodríguez
Dona María Ortega Iñarrea

Actuou como presidente da Comisión Informativa Don Ricardo Martínez Chantada e como secretario Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sr. presidente, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

- 1. Aprobación do borrador da acta da reunión ordinaria do 22 de maio de 2026 (Exp. 2023057882).**

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, ordinaria, do día vinte e doús de maio de dous mil vinte e seis.



2. Ditaminar a aprobación do Proxecto Ribeiras_Vivas: Restauración ambiental, mobilidade sostible e promoción do patrimonio material e inmaterial do río Miño, aprobado na oitava convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI-A España–Portugal (POCTEP) 2021-2027, cofinanciado polo FEDER. (**Expte: 2025063415**).

Entrando a valorar o asunto obxecto de ditame, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital a seguinte proposta de acordo antes da súa elevación ao Pleno:

PROPOSTA DE ACORDO

“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO RIBEIRAS_VIVAS: Restauración ambiental, mobilidade sostible e promoción do patrimonio material e inmaterial do río Miño, aprobado na oitava convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI-A España–Portugal (POCTEP) 2021-2027, cofinanciado polo FEDER.

Á vista da comunicación 27 de maio de 2026 de aprobación da solicitude da candidatura do proxecto 0625_RIBEIRAS_VIVAS_1_P “RIBEIRAS VIVAS: Restauración ambiental, mobilidade sostible e promoción do patrimonio material e inmaterial do río Miño”, aprobada polo Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI-A España–Portugal (POCTEP) 2021-2027, e co obxecto de proceder á aceptación da axuda concedida e á aprobación da participación da Deputación de Pontevedra no proxecto, o xefe do Servizo de cooperación emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

- A Comisión Europea aprobou, na súa decisión do 22 de agosto de 2022, o Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg España–Portugal (POCTEP) 2021-2027, o maior programa de



- cooperación transfronteiriza da Unión Europea (UE), que recibirá unha dotación financeira FEDER de máis de 320 millóns de euros.
- O Comité de Seguimento do Programa aprobou o día 03/06/2025 a publicación da presente convocatoria para a presentación de proxectos para a Prioridade 6, cuxo Obxectivo Específico 5.2, céntrase no desenvolvemento local integrado e incluso en zonas non urbanas, cun enfoque social, económico, medioambiental, cultural, turístico e de seguridade, acordando que esta terá un carácter conxunto para todo o Programa e definindo as Bases da oitava Convocatoria do POCTEP 2021 – 2027 para a referida Prioridade.
 - Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases do Réxime Local ás deputacións provinciais atópase a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.
 - Coa finalidade de protexer e valorizar o ecosistema fluvial do río Miño e o patrimonio cultural común de Galicia e o Norte de Portugal, impulsando un modelo de desenvolvemento sostible, inclusivo e cohesionado ao redor do río, elabórase o “Formulario de candidatura” e “Formulario financeiro” segundo o modelo determinado na oitava convocatoria para a presentación de proxectos do programa de cooperación INTERREG VI A ESPAÑA–PORTUGAL (POCTEP) 2021 – 2027. Deste xeito, no formulario de candidatura denominado. Deste xeito, no formulario de candidatura denominado “RIBEIRAS VIVAS: Restauración ambiental, mobilidade sostible e promoción do patrimonio material e inmaterial do río Miño”, expónse realizar un proxecto transfronteirizo para reforzar a protección ambiental mediante a creación dun Observatorio socio-ecolóxico transfronteirizo, así como cunha Mesa de Gobernanza Ambiental que coordine políticas e decisións conxuntas. Por outra banda, impulsarase o Anel Verde do Miño, concibido como un circuíto de mobilidade branda que conecta ambas as beiras, consolidando un produto



de mobilidade sostible que reforce a cohesión territorial. Así mesmo, abordarase a memoria cultural fluvial, cun estudo integral das “pesqueiras”, a creación dun arquivo vivo de relatos e prácticas ao redor do río e o deseño de roteiros culturais e gastronómicos que convertan este legado en motor de desenvolvemento local. Para rematar, promoverase unha axenda cultural transfronteiriza e un programa de residencias artísticas que fortalezan a identidade compartida e o intercambio creativo.

- Polo que respecta ás condicións económicas recolleitas formulario de candidatura e formulario financeiro do proxecto denominado “RIBEIRAS VIVAS: Restauración ambiental, mobilidade sostible e promoción do patrimonio material e inmaterial do río Miño” o seu custo total elixible cuantifícase en 3.535.058,26 euros.
- En canto ao cadro financeiro que corresponde ás actuacións da Deputación de Pontevedra no proxecto é de 1.398.026,72 euros e desagregase por categoría de gasto a continuación:

CATEGORÍAS / ACTIVIDADE	A1	A2	A3	A4	A5	A6	TOTAL	%
Persoal	24.750,00	59.812,50	14.850,00	28.462,50	8.250,00	8.250,00	144.375,00	10,33
Servizos e asesoramentos externos	100.000,00		136.000,00	100.000,00	24.000,00	60.000,00	420.000,00	30,04
Equipos								
Infraestrutura e obras		800.445,47						
Oficina e administrativos	3712,50	8971,88	2227,50	4269,38	1237,50	1237,50	21656,25	1,55
Viaxe e aloxamento	1980,00	4785,00	1.188,00	2.277,00	660,00	660,00	11550,00	0,83
Total.....	130.442,50	874.014,85	154.265,50	135.008,88	34.147,50	70.147,50	1.398.026,72	100%
Total %.....	9,33%	62,52%	11,03%	9,66%	2,44%	5,02%	100%	

- Polo que respecta ao período de execución das actuacións comprendidas no formulario de candidatura denominado “RIBEIRAS VIVAS: Restauración ambiental, mobilidade sostible e



promoción do patrimonio material e inmaterial do río Miño” establécese en 36 meses, entre os anos 2026 e 2028, distribuíndose o seu orzamento anualizado segundo desagregase na seguinte táboa:

CATEGORÍAS/ANUALIDADE	2026	2027	2028	TOTAL	%
Persoal	39.975,00	52.500	52.500	144.375,00	10,33
Servizos e asesoramentos externos	98.000,00	204.000,00	118.000,00	420.000,00	30,04
Equipos					
Infraestrutura e obras	150.000,00	350.000,00	300.445,47	800.445,47	57,26
Oficina e administrativos	5.306,25	7875,00	7875,00	21.656,25	1,55
Viaxe e aloxamento	3150,00	4200,00	4200,00	11.550,00	0,83
Total.....	296.431,25	618.575,00	483.020,47	1.398.026,72	100%
Total %.....	21,20	44,25	34,55	100%	

- En canto ao porcentaxe de axuda recibida por cada anualidade, detállase na seguinte táboa:

	2026	2027	2028	TOTAL
FEDER (75%)	222.323,44 €	463.931,25 €	362.265,35 €	1.048.520,04 €
FONDOS PROPIOS (25%)	74.107,81 €	154.643,75 €	120.755,12 €	349.506,68 €
Total.....	296.431,25 €	618.575,00 €	483.020,47 €	1.398.026,72 €
Total %.....	21,20	44,25	34,55	100%

- Conforme ao recolleito no artigo 214 do TRLRHL, solicítase á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico

- Bases da oitava convocatoria para a presentación de proxectos do programa de cooperación INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021 – 2027



- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- De conformidade co previsto base 8ª das Bases da oitava convocatoria para a presentación de proxectos do programa de cooperación INTERREG VI A ESPAÑA–PORTUGAL (POCTEP) 2021 – 2027 a solicitude presentarase exclusivamente de xeito telemático a través do sistema de información do Programa, CoFFEE Interreg no que se encherá, entre outra documentación, o Formulario de Candidatura e o Formulario Financeiro, aprobado polo órgano competente.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención



- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- De conformidade co previsto base 8ª das Bases da oitava convocatoria para a presentación de proxectos do programa de cooperación INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021 – 2027 a solicitude presentárase exclusivamente de xeito telemático a través do sistema de información do Programa, CoFFEE Interreg no que se encherá, entre outra documentación, o Formulario de Candidatura e o Formulario Financeiro, aprobado polo órgano competente.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites das solicitudes de axudas ou subvencións correspóndelle á Presidencia.”

Proxecto de gastos e operacións contables:

Para o inicio do proxecto é necesario realizar a aprobación do mesmo, levando a cabo as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 para a execución do proxecto “RIBEIRAS VIVAS: Restauración ambiental, mobilidade sostible e promoción do patrimonio material e inmaterial do río Miño” (0625_RIBEIRAS_VIVAS_1_P)”, así como realizar as



oportunas operacións para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios a Deputación de Pontevedra.

RÉXIME COMPETENCIAL

Tendo en conta a distribución inicial por anualidades, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16.^a.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ó Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do TRLFL.

CONCLUSIÓNS:

Por todo o anteriormente exposto e sen prexuízo de calquera outro trámite baseado en mellor dereito, o xefe do servizo de Cooperación propón ao Pleno da Deputación de Pontevedra que se adopte o seguinte acordo:

- Validar os trámites para a aceptación da subvención outorgada polo FEDER no marco do Programa de Cooperación INTERREG VI-A España–Portugal (POCTEP) 2021–2027 para a execución do proxecto "RIBEIRAS VIVAS: Restauración ambiental, mobilidade sostible e promoción do patrimonio material e inmaterial do río Miño" (0625_RIBEIRAS_VIVAS_1_P).
- Aprobar o proxecto "RIBEIRAS VIVAS: Restauración ambiental, mobilidade sostible e promoción do patrimonio material e inmaterial do río Miño", aprobado na 8ª convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI-A España–Portugal (POCTEP) 2021–2027.
- Aprobar a distribución do gasto correspondente á Deputación de Pontevedra dentro do orzamento total do proxecto, que ascende a 1.398.026,72 €, financiado nun 75 % polo FEDER e nun 25 % con fondos propios da Deputación.
- Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo "proxecto de gasto", de conformidade co establecido nas Bases de Execución do Orzamento Provincial.
- Facultar á Presidencia da Deputación para realizar cantos actos



e trámites sexan necesarios para a execución do presente acordo.

- Notificar o presente acordo ás partes interesadas e aos servizos provinciais competentes.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

O xefe do servizo de Cooperación

Marcos Areán González

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital, ditamina favorablemente por unanimidade, coa seguinte distribución de votos.

1. Votos a favor: (17) nove do grupo provincial do Partido Popular, seis do grupo provincial do PSG-PSOE e dous do grupo provincial do BNG.
2. Votos en contra: (0), ningún.
3. Abstencións: (0) ningunha.

3. Dar conta da comunicación remitida ás alcaldías dos concellos da provincia adheridos aos servizos da Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos OTAC, relativa á posta en marcha dunha iniciativa para a adecuación dos portais web municipais en materia de accesibilidade, seguridade, transparencia e xestión de contidos. (**Expte. nº 2026041536**).

A Comisión queda informativa desde punto.

4. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e oito minutos, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. O PRESIDENTE

